

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 18 DE FEBREIRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día dezoito de febreiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta.

Non asisten e presentan escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 11 de febreiro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 11 de febreiro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- R.P. 2020/4810 do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a modificación das bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña e convocatoria para 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 30, do 13 de febreiro de 2020).

- Orde do 26 de decembro de 2019, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2020 e 2021 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT814A). (Diario Oficial de Galicia número 31, do 14 de febreiro de 2020).

- Resolución da Presidencia número 4536/2020, do 07/02/2020, da Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do programa de subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixida aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 32, do 17 de febreiro de 2020).
- Orde do 26 de decembro de 2019, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2020 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT724A). (Diario Oficial de Galicia número 32, do 17 de febreiro de 2020).
- Oficina do Censo Electoral, publicación da relación de seccións, mesas e locais electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 32, do 17 de febreiro de 2020).

3º. Expedientes de contratación

3.1.- Proposta de adxudicación da “Póliza de seguros de accidentes para participantes en actividades organizadas polo Concello de Cambre”, a prol do licitador “Generali España S.A. de Seguros y Reaseguros”, no prezo ofertado de prima anual de 20.034,43 euros. Expte: 2019/C006/000004

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C006/000004 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), dunha “Póliza de seguros de accidentes para participantes en actividades organizadas polo Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 26.000 euros de prima anual.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 23 de xaneiro de 2020 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente coa mesma data, a prol do licitador “Generali España S.A. de Seguros y Reaseguros” no prezo ofertado de prima anual de 20.034,43 euros, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 11 de febreiro de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 21/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 12 de febreiro de 2020.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data 23 de xaneiro de 2020, admitir as proposicións presentadas polos licitadores que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do PCAP, ao ter aportado, tralos requerimientos efectuados, debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II de dito prego, e formular a súa proposición estritamente conforme ao modelo do Anexo III:

- Axa Seguros Generales S.A. de Seguros y Reaseguros
- Generali España S.A. de Seguros y Reaseguros
- Vidacaixa S.A.U. Seguros y Reaseguros

Segundo: De conformidade coa proposta formulada pola Mesa de Contratación con data 23 de xaneiro de 2020, e tendo en conta o establecido na cláusula 13.2 in fine do Prego de cláusulas administrativas particulares aplicable ao presente contrato, en consonancia co Anexo II do referido Prego no seu apartado nº 9, (o cal constitúe lei reguladora do contrato que os licitadores declaran coñecer e aceptar), así como o establecido no art. 159.4.a) da LCSP, en relación coa Disposición transitoria Terceira da LCSP, que esixe a inscrición dos licitadores que participen no procedemento aberto simplificado nos Rexistros estatal ou autonómico na data final de presentación das ofertas, obriga legal respecto da que non cabe decisión ningunha aos órganos de contratación e que todos os licitadores que presentan propostas a partir do 9 de setembro de 2018 deben cumprir, segundo pronunciamento de, entre outras, a Junta Consultiva da Comunidade de Aragón no seu informe nº 20/2018 de 3 de setembro, acórdase excluír á oferta presentada pola entidade "Markel Insurance SE Sucursal en España", ao non atoparse, na data final de presentación de ofertas (12 de decembro de 2019) inscrita en ningún dos Rexistros contemplados no art. 159.4 da LCSP, sendo obligatoria a inscrición a efectos de participar en procedementos abertos simplificados a partir do 9 de setembro de 2018 e atopándose dita obriga expresamente contemplada na cláusula 13.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente contrato.

Terceiro: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 23 de xaneiro de 2020, a seguinte valoración das proposicións presentadas, coa puntuación correspondente ás ofertas económicas e demais criterios cuantificables automaticamente, presentadas polos tres licitadores admitidos, co seguinte resultado:

ENTIDADE	AUMENTO IMPORTES DE CAPITAL MÍNIMO ASEGURADO	IMPORTE PRIMA	MELLORAS COMPLEMENTARIAS	PUNTUACIÓN TOTAL
Axa Seguros Generales S.A. de Seguros y Reaseguros	-Muerte por accidente : 10 - Invalidez por accidente: 10 - Asistencia sanitaria en centros non concertados:16,67	6,04	20	62,70

				Total: 36,67
Generali España S.A. de Seguros y Reaseguros	-Muerte por accidente : 20 - Invalidez por accidente: 20 - Asistencia sanitaria en centros non concertados: 20 Total : 60	20	16,5	96,50
Vidacaixa S.A.U. Seguros y Reaseguros	-Muerte por accidente : 2 - Invalidez por accidente: 2 - Asistencia sanitaria en centros non concertados: 20 Total : 24	15,81	15,5	55,31

Cuarto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (incremento dos importes do capital mínimo asegurado, importe da prima, e melloras complementarias):

- Generali España S.A. de Seguros y Reaseguros 96,50 pts
- Axa Seguros Generales S.A. de Seguros y Reaseguros 62,70 pts
- Vidacaixa S.A.U. Seguros y Reaseguros 55,31 pts

Quinto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 23 de xaneiro de 2020, adjudicar a contratación dunha "Póliza de seguros de accidentes para participantes en actividades organizadas polo Concello de Cambre", a favor de la entidade "Generali España S.A. de Seguros y Reaseguros" con NIF *****7268 e domicilio na rúa Ourense nº 2 - 28020 Madrid (Madrid), nos seguintes importes ofertados, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP):

1º) Prima total anual: 20.034,43 €

2º) Capital mínimo asegurado:

Morte por accidente	60.000 euros
Invalidez permanente parcial por accidente segundo baremo en base a	60.000 euros
Asistencia sanitaria	En centros concertados: Ilimitada En centros non concertados: 6.000 euros

3º) Melloras complementarias:

- reembolso do 100% dos gastos derivados da adquisición dunha cadeira de rodas cos accesorios necesarios, para asegurados afectados de invalidez permanente absoluta cuberta pola póliza, ata un máximo de 3.000 euros por asegurado
- reembolso do 100% dos gastos derivados da adaptación de vivienda para asegurados afectados de invalidez permanente absoluta cuberta pola póliza, ata un máximo de 3.000 euros por asegurado
- reembolso do 100% dos gastos derivados da adaptación do vehículo que resulten necesarios para asegurados afectados de invalidez permanente absoluta cuberta pola póliza, ata un máximo de 3.000 euros por asegurado
- Abono dun capital adicional aos asegurados afectados por gran invalidez cuberta pola póliza, por importe de 6.000,00 euros.

As características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse principalmente no prezo da prima anual ofertado, así como nos aumentos dos importes dos capitais mínimos asegurados, criterios nos que a aseguradora obtivo as maiores puntuacións.

Sexto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

A póliza formalizarase na data que sinala a Administración contratante, dentro do prazo dos cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao da sinatura do contrato sinalado no párrafo anterior.

De conformidade co establecido na cláusula 19.1 in fine do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario estará obrigado a facer entrega na Oficina de Contratación da póliza de seguro (cláusulas xerais e particulares conforme ao acordo de adxudicación e Pregos reguladores) en formato electrónico (PDF) con obxecto de dar traslado da mesma aos responsables do contrato.

Sétimo: Nomear como responsables do contrato, de conformidade co establecido na cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, aos funcionarios de maior rango das áreas organizadoras das actividades aseguradas, polo que dita designación recae no coordinador de actividades culturais e educativas e na coordinadora de Servizos Sociais municipal, cada un deles dentro do ámbito das actividades organizadas pola súa área, polo que a ditos funcionarios corresponderalles o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Corresponde a cada un destes xefes de cada área ou Sección, a realización dos trámites necesarios sobre comunicación e xestión dos sinistros a través da corredería.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de

Contratos do Sector Público , facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese aos responsables do contrato, á correduría de seguros “Artai, S.A.”, e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2.- Proposta de adxudicación da “Póliza de seguros de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre”, a prol do licitador “MGS, Seguros y Reaseguros S.A.”, no prezo ofertado de 20.000 euros sen IVE. Expte: 2019/C006/000005

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2019/C006/000005 para a adxudicación, , por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), dunha “Póliza de seguros de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 29.000 euros de prima anual .

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na Acta da Mesa de Contratación de data 23 de xaneiro de 2020 respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente coa mesma data, a prol do licitador “MGS, Seguros y Reaseguros S.A.” no prezo ofertado de 20.000 euros de prima anual , por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 11 de febreiro de 2020, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 22/2020 emitido polo interventor da Corporación con data do 12 de febreiro de 2020.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data 23 de xaneiro de 2020, admitir as proposicións presentadas polos licitadores que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 14 do PCAP, ao ter aportado, tralos requerimentos efectuados, debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II de dito prego, e formular a súa proposición estritamente conforme ao modelo do Anexo III:

- Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros
- Helvetia Compañía Suiza S.A. de Seguros y Reaseguros
- MGS Seguros y Reaseguros S.A.

Segundo: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 23 de xaneiro de 2020, a seguinte valoración das proposicións presentadas, coa puntuación correspondente ás ofertas económicas e demais criterios cuantificables automaticamente, presentadas polos tres licitadores admitidos, co seguinte resultado:

ENTIDADE	AUMENTO IMPORTES CAPITAL MÍNIMO ASEGURADO	IMPORTE PRIMA	MELLORAS COMPLEMENTARIAS	PUNTUACIÓN TOTAL
Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros	-Falecemento do condutor: 12 - Invalidez permanente total do condutor: 12 Total: 24	18,22	15	57,22
Helvetia Compañía Suiza S.A. de Seguros y Reaseguros	-Falecemento do condutor: 18 - Invalidez permanente total do condutor: 18 Total: 36	18,81	15	69,81
MGS Seguros y Reaseguros	-Falecemento do condutor: 30 - Invalidez permanente total do condutor: 30 Total: 60	19	12	91

Terceiro: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares (incremento dos importes do capital mínimo asegurado, importe da prima, e melloras complementarias):

- MGS Seguros y Reaseguros	91,00 pts
- Hervetia Compañía Suiza S.A. de Seguros y Reaseguros	69,81 pts
- Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros	57,22 pts

Cuarto: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 23 de xaneiro de 2020, adxudicar a contratación dunha "Póliza de seguros de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre", a favor da aseguradora "MGS, Seguros y Reaseguros S.A." con NIF *****1373 e domicilio no Paseo María Agustín nº 4 - 50004 Zaragoza (Zaragoza), con delegación na rúa Alameda nº 12, baixo, 36001 Pontevedra, nos seguintes importes ofertados, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4.f, punto 2º, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP):

1º) Prima total anual: 20.000 €

2º) Capital mínimo asegurado para accidentes corporais do conductor:

Falecemento conductor	100.000 euros
Invalidez permanente total	100.000 euros

3º) Melloras complementarias:

- inclusión de incendios para quads e motos
- defensa de infraccións administrativas de tráfico
- talleres concertados que permitan axilizar a tramitación das reparacións
- prazos periciais de menos de 24 horas desde a apertura do sinistro pola aseguradora

As características da proposición da entidade adxudicataria determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse principalmente no prezo da prima anual ofertado, así como nos aumentos dos importes dos capitais mínimos asegurados para accidentes corporais do condutor, criterios nos que a aseguradora obtivo as maiores puntuacións.

Quinto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación e na data que sinala a Administración, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

A póliza formalizarase na data que sinala a Administración contratante, dentro do prazo dos cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao da sinatura do contrato sinalado no párrafo anterior.

De conformidade co establecido na cláusula 19.1 in fine do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario estará obrigado a facer entrega na Oficina de Contratación da póliza de seguro (cláusulas xerais e particulares conforme ao acordo de adxudicación e Pregos reguladores) en formato electrónico (PDF) con obxecto de dar traslado da mesma aos xefes de área ou sección.

Sexto: Nomear como responsable do contrato ao xefe da Unidade de Réxime Interior municipal, de conformidade co establecido na cláusula 19.1 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis no artigo 62.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sen prexuízo do anterior, corresponde ao xefe de cada área ou Sección á que estean adscritos os vehículos asegurados, no seu caso, a realización dos trámites necesarios sobre comunicación e xestión dos sinistros a través da corredería, dando conta das xestións realizadas ao responsable do contrato a efectos da debida supervisión do servizo prestado e conformidade da factura.

Antes do inicio do contrato comunicárase ao adxudicatario a relación de áreas e seccións, así como o persoal de contacto.

Sétimo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Oitavo: Notifíquese ao responsable do contrato, á corredería de seguros "Artai, S.A.", e máis á Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.3.- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa Excavaciones J. Cancela Esmoris, S.L. adxudicataria da obra "Actuación de seguridade viaria mediante a construción dunha rotonda no camiño codificado como 183 de Cela" Expediente: 2019/C002/000020

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 13 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co número 2019/C002/000020 para a contratación da obra "Actuación de seguridade viaria mediante a construción dunha rotonda no camiño codificado como 183 de Cela". Expediente: 2019/C002/000020

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de xaneiro de 2020 polo que se adxudicou a obra á empresa "Excavaciones J. Cancela Esmoris, S.L

Visto o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa adxudicataria "Excavaciones J. Cancela Esmoris, S.L.", ao que achega o informe favorable emitido por don Francisco Jesús Cobas Fernández, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 10 de febreiro de 2020 e número 202099900000229, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra designada segundo Resolución de Alcaldía nº 2636/2018 de 20 de decembro, expediente de contrato menor nº 2018/C002/000462.

Vistos os informes favorables emitidos con data 12 de febreiro de 2020 pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal, directora da obra e responsable do contrato.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa "Excavaciones J. Cancela Esmoris, S.L.", para a execución da obra denominada "Actuación de seguridade viaria mediante a construción dunha rotonda no camiño codificado como 183 de Cela"
Expte. 2019/C002/000020

Segundo: Notificar este acordo á empresa "Excavaciones J. Cancela Esmoris, S.L.", e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. coordinadora da seguridade e saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Terceiro: Notifíquese á Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 7 ao 13 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 193/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 245/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
193/2020	07-02-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de febreiro de 2020
194/2020	07-02-2020	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 450,65 euros
195/2020	07-02-2020	Contrato menor para subscrición da revista de dereito urbanístico e medio ambiente
196/2020	07-02-2020	Aprobación de despesas pola publicación de anuncio no DOGA e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 201,96 euros
197/2020	10-02-2020	Escolas de actividade física e saúde 2020
198/2020	10-02-2020	C.M. Equipo termo dinámico Escola Música
199/2020	10-02-2020	Conceder a axuda recibo de luz por importe de 17,58 euros, recibo de gas por importe de 51,22 euros e recibo de auga por importe de 46,26 a AMBC
200/2020	10-02-2020	Conceder a axuda aluguer a MJVG por importe de 350 euros
201/2020	11-02-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 52.334,27 euros
202/2020	11-02-2020	Acordos inicios expedientes sancionadores tráfico
203/2020	11-02-2020	Acordos inicios expedientes sancionadores tráfico
204/2020	11-02-2020	Primeiras alegacións ordinario expedientes sancionadores tráfico
205/2020	11-02-2020	Solicitude subvención Obradoiro Emprego "PROXEDIS-PROWEB II " 2020/2021
206/2020	11-02-2020	Expediente sancionador a don JLL por demolición de volume anexo a vivenda unifamiliar en San Lourenzo de Meixigo, en virtude de denuncia formulada polo encargado de obras
207/2020	11-02-2020	Reposición legalidade urbanística pola execución de obras sen licenza en Mosteiro, Bribes, en virtude de denuncia emitida polo encargado de obras a don AMB
208/2020	11-02-2020	Expedientes sancionadores tráfico
209/2020	11-02-2020	Celebración voda civil de BMV e AFS o 15 de febreiro ás 12 horas
210/2020	11-02-2020	Celebración voda civil de ABBN e FJPG o 15 de febreiro ás 13 horas.
211/2020	11-02-2020	Expediente sancionador pola execución de obras sen licenza en

		Mosteiro, Bribes, en virtude de denuncia emitida polo encargado de obras a don AMB
212/2020	11-02-2020	Conceder a axuda alimentación básica e hixiene persoal a RMBJ por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
213/2020	11-02-2020	Conceder a axuda alimentación básica e hixiene persoal a CPN por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
214/2020	11-02-2020	Conceder a axuda alimentación básica e hixiene persoal a DAM por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
215/2020	11-02-2020	Conceder a axuda alimentación básica e hixiene persoal a EGCF por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
216/2020	11-02-2020	Conceder a axuda alimentación básica e hixiene persoal por importe de 900 euros anuais durante 18 meses a ASVLF
217/2020	11-02-2020	Conceder a axuda alimentación básica e hixiene persoal a GQN por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
218/2020	11-02-2020	Conceder a axuda alimentación básica e hixiene persoal a OGF por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
219/2020	11-02-2020	Conceder a axuda alimentación básica e hixiene persoal a DLF por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
220/2020	11-02-2020	Cambio da conta de ingreso das transferencias tramitadas a favor do Concello de Cambre pola "Subdirección General de Estudios y Financiación de Entidades Locales" na "Secretaría General de Financiación Autonómica y Local", "Ministerio de Hacienda"
221/2020	11-02-2020	Cancelación de conta aberta no BBVA, IBAN ES98 0182 6244 4802 0015 0178. Cambio da conta de ingreso da Participación nos Ingresos do Estado.
222/2020	11-02-2020	Alta no servizo de axuda no fogar MIMR
223/2020	11-02-2020	Alta no servizo de axuda no fogar MJAG
224/2020	11-02-2020	Alta no servizo de axuda no fogar BBA
225/2020	11-02-2020	Alta no servizo de axuda no fogar MCVB
226/2020	11-02-2020	Alta no servizo de axuda no fogar CBM
227/2020	11-02-2020	Prórroga comisión de servizos JABC
228/2020	11-02-2020	Expediente núm. 2/2020 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2019 ao 2020
229/2020	11-02-2020	Expediente sancionador 2020/I001/000003 por realización de obras en edificación sita en Mosteiro, Bribes sen licenza ou comunicación previa presentada
230/2020	11-02-2020	Revisión anual das caldeiras do Centro de Formación Ocupacional e do Campo de Fútbol do Dani Mallo
231/2020	11-02-2020	Baixa no servizo de axuda no fogar MBS
232/2020	11-02-2020	Baixa no servizo de axuda no fogar DMG

233/2020	11-02-2020	Baixa no servizo de axuda no fogar MAC
234/2020	11-02-2020	Baixa no servizo de axuda no fogar MRFY
235/2020	11-02-2020	Baixa no servizo de axuda no fogar EMA
236/2020	12-02-2020	Pago duplicado de taxa pola publicación dun anuncio no DOGA
237/2020	12-02-2020	Designación relator faladoiro no Entroido 2020
238/2020	12-02-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 19 de febreiro de 2020, a petición da cuarta parte, polo menos, dos membros da Corporación municipal
239/2020	12-02-2020	Aprobación xestión padroal do mes de xaneiro de 2020
240/2020	12-02-2020	Aprobación dunha convocatoria para a elaboración dunha listaxe de asociacións para a adxudicación da confección de páxinas web, por parte do alumnado/traballador do proxecto obradoiro de emprego "PROXEDIS-PROWEB" 2019/2020.
241/2020	12-02-2020	Aprobación de despesas pola publicación de anuncio no DOGA e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 246,84 euros
242/2020	13-02-2020	Aprobación programa obradoiros de semana santa 2020
243/2020	13-02-2020	Conceder a axuda aluguer a JMSL por importe de 380 euros
244/2020	13-02-2020	Actividade do programa de lecer e diversidade funcional. " Tarde de Bolera " Febreiro 2020
245/2020	13-02-2020	Conceder a licenza municipal para a separación das redes de augas pluviais e fecais das naves sitas na estrada Cambre-Temple, polígono industrial Barcala, Cambre. Solicitante: C de P.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

- Declaración de deserto por falta de licitadores, do expediente de contratación núm. 2020/C004/000002, correspondente aos servizos de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais "Daniel Mallo Castro" de Cambre, "A Barcala-Lendoiro" e "Os Pinares" de Brexo-Lema. Expte: 2020/C004/000002

sendo aprobada a urxencia da totalidade da proposta por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

Único.- Declaración de deserto por falta de licitadores, do expediente de contratación núm. 2020/C004/000002, correspondente aos servizos de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais "Daniel Mallo Castro" de Cambre, "A Barcala-Lendoiro" e "Os Pinares" de Brexo-Lema. Expte: 2020/C004/000002

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente incoado co nº 2020/C004/0000002, correspondente aos servizos de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais "Daniel Mallo Castro" de Cambre, "A Barcala-Lendoiro" e "Os Pinares" de Brexo-Lema, cun valor estimado total 87.825,06 euros e un orzamento base de licitación total 106.268,32 euros, expediente que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día catro de febreiro de dous mil vinte.

Visto que o anuncio para a licitación do expediente foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre coa mesma data do 04 de febreiro de 2020, rematando o prazo para presentación das ofertas o día 12 de febreiro actual.

Vista a certificación expedida pola secretaria xeral da Corporación, co visto e prace da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos con data do 14 de febreiro de 2020, na que se transcribe o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral no que se indica que, unha vez finalizado o prazo de presentación das proposicións, non consta na Plataforma de Contratación do Estado a presentación electrónica de ningunha oferta.

Á vista do exposto, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar deserto, por falta de licitadores, o expediente de contratación núm. 2020/C004/000002, correspondente aos servizos de conserxería e limpeza dos campos de fútbol municipais "Daniel Mallo Castro" de Cambre, "A Barcala-Lendoiro" e "Os Pinares" de Brexo-Lema, esto á vista do establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da LCSP.

Segundo: Publicar o presente acordo de declaración de deserto no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, esto de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da Lei 9/2017 de contratos do sector público."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia